

Excmas. e Ilmas. Autoridades, Sras e Sres.:

é para min unha honra estar hoxe aquí, na presentación de este recoñecemento da Unidade Muller e Ciencia á matemática coruñesa María Josefa Wonenburger Planells.

Hai pouco máis de 4 anos, o catedrático de Álgebra da Universidade Complutense de Madrid, o profesor Federico Gaeta, nun congreso que tivo lugar en Santiago animou a profesora María José Souto, da Universidade da Coruña, que logo me convenceu a min, a que désemos a coñecer en España a María Wonenburger, prestixiosa matemática moi coñecida en Canadá, EE UU e outros países mais non aquí. Foron case dous anos de procura ata que a atopamos, por certo moi preto das nosas casas.

É difícil sustraerme á emoción que sinto por compartir con vostedes este recoñecemento a María Wonenburger, tan merecido. Despois da publicación do noso traballo sobre ela na Gaceta da RSME, afortunadamente a comunidade científica española é consciente do mérito e do valor desta muller, que sobra dicir que non lle tocou a mellor época para ser coñecida. A Asociación Galega de Profesores de Matemáticas, AGAPEMA, e a Real Sociedade Española de Matemáticas, RSME, xa a nomearon socia de honra nos últimos meses; algunhas universidades están xestando próximas homenaxes, e os xornalistas queren coñecer con máis profundidade a súa historia.

Resulta moi difícil relatar en pouco tempo unha semblanza da historia persoal e profesional desta gran muller.

María Wonenburger naceu en Montrove (Oleiros), na Coruña. A súa nai, Amparo, chegara á Coruña desde Valencia acompañando a súa irmá e o seu cuñado, o arquitecto Pelegrín Estellés, que se desprazou a esta cidade para a construción do emblemático edificio do Banco Pastor; o seu pai, Julio, era descendente dunha familia de orixe alsaciana que xa levaba tres xeracións instalada en Galicia e que posuían unha coñecida fundición na Coruña. Amparo e Julio casan en 1926 e teñen dúas fillas, das cales María é a primoxénita.

A infancia de María transcorre entre os últimos anos da Monarquía de Alfonso XIII, a proclamación da segunda república e a guerra civil.

Con 4 anos ingresa no Colexio francés da Coruña onde descubre a súa destreza e o seu interese polo cálculo matemático; a idea de sumar e de multiplicar tíñaas entretida durante horas, facendo probas e problemas na súa pizarra ou comprobando as contas familiares que sempre recaían en María.

Posteriormente trasladárona ao Colexio do Angel, para ingresar con 10 anos no coñecido instituto coruñés Eusebio da Guarda. Alí rematou os seus estudos de secundaria sendo unha adolescente coñecida no centro por alumnos e profesores debido aos seus excelentes resultados académicos, ademais de polo seu interese polos deportes e os idiomas.

Aínda que a familia lle suxería que estudase unha enxeñaría, respectaron o seu desexo de estudar a carreira que ela quería, a denominada naquel momento Ciencias Exactas e agora Matemáticas. Non existía entón a posibilidade de facelo en Santiago xa que só se impartían dous cursos que dirixía o insigne astrónomo Ramón María Aller.

Por iso, María trasládase a Madrid en 1945 para estudar a Licenciatura de Matemáticas na Universidade Central (a que agora se chama Universidad Complutense de Madrid). María Wonenburger instalouse na famosa "residencia de señoritas" da rúa Fortuny, unha residencia para a clase media onde acudían mozas de provincias e de onde saíron relevantes mulleres científicas, das artes ou das letras.

María pasa a semana a se mover entre a residencia, a facultade e os seus estudos de idiomas.

Na facultade axiña comeza a destacar e a ser coñecida: a ela acudían alumnos mesmo doutros cursos para que lles resolvese algún problema ou lles explicase algún teorema.

Ela lembra con moita precisión cada materia e os seus profesores. Como anécdota quero destacar o feito sorprendente de que María nunca tomaba notas nas súas aulas; despois da cea, nun exercicio memorístico digno dun ser privilexiado, redactaba os resultados que lle expuxeran nas aulas. Aínda nos sorprende máis cando a coñecemos e ao sacar dun caixón da súa casa os seus artigos de matemáticas que gardara había anos, era capaz de os reconstruír e explicalos con só comezar a lalos. Nos últimos cursos da licenciatura, cando era xa unha alumna moi valorada, comeza a pensar que tipo de bolsas pode pedir e cara a onde pode encamiñar o seu futuro, os profesores que a coñecen tamén lle dan consellos. Aínda que en España neses momentos a situación política non permitía unha fluidez de visitas de investigadores estranxeiros, de cando en vez si que se podía asistir a conferencias ou cursos como os de Rey Pastor ou Ernst Witt; pero os seus titores recomendábanlle saír ao estranxeiro para desenvolver o seu potencial científico.

A elevada condición matemática de María Wonenburger e o interese que espertaba entre os matemáticos reflíctese nas invitacións que recibiu no momento do remate da súa licenciatura, como foron o intercambio entre as universidades de Hamburgo e Madrid que promovía Ernst Witt, discípulo de Emmy Noether (prestixiosa matemática perseguida na época nazi). Nese intercambio, a candidata era María. Ou a proposta do insigne matemático Julio Rey Pastor que lle ofreceu participar nos seminarios que el impartía, para que María colaborase nunha posterior publicación.

Cando estaba a agardar o resultado da solicitude das bolsas Emmy Noether, xorde nese momento a primeira convocatoria de bolsas Fullbright para cursar estudos de doutoramento nos EEUU.

Na primavera de 1953, María recibe a noticia da concesión da bolsa: ela era a primeira española que recibía esta axuda para realizar o doutoramento en matemáticas, e o 15 de xullo do 53, tras varios

problemas burocráticos, parte rumbo a Norteamérica en barco, desde Xibraltar, cos demais bolseiros que foran recollidos previamente polo Mediterráneo.

Abandona unha España illada coa súa ditadura e a unha Europa que procuraba recuperarse da segunda guerra mundial e chega a un país con diversos problemas internos, con Eisenhower no poder, onde impera o macahartismo e onde existe un control severo dos inmigrantes.

O seu primeiro destino foi a cidade de Nova Iorque. Tras un curso preparatorio, é enviada a Yale a estudar con Nathan Jacobson, que foi un dos alxebristas máis destacados do século XX, con aportacións moi notables para a ciencia matemática.

María Wonenburger leu a súa tese de doutoramento en Yale en 1957, dirixida por Jacobson, e titulada “Sobre o grupo de similitudes e o seu grupo proxectivo”. Jacobson animaa a que se quede e así o fai tras conseguir unha bolsa posdoutoral.

Ao rematar decide regresar a España e durante tres anos estivo becada polo “Instituto Jorge Juan” do CSIC. Aquí a tese americana non se valida e decide realizar outra co título “Representación spinorial de los grupos de semejanza” dirixida polo profesor Germán Ancochea. Cómpre dicir que aínda que a súa nova tese foi defendida, aprobada e publicada, María nunca obtivo o seu título español de doutora.

Mentres tanto, desde América o coñecido matemático Israel Halperin, por mediación de Jacobson convida a María a colaborar con el e proponlle solicitar unha bolsa para viaxar á “Queen University” en Ontario, Canadá. María non só obtén a bolsa senón que lle conceden unha prórroga. Os colegas canadenses propóñenlle as vantaxes de quedar alí como docente e investigadora e ofrécenlle traballo en Toronto; en contrapartida atópase coas poucas perspectivas laborais que tería se decidise regresar a España.

María Wonenburger permanece en Canadá durante seis anos. Nese momento é a única muller que ocupaba un posto de profesora de Matemáticas na universidade, un feito que foi frecuente na súa traxectoria. Outras grandes matemáticas predecesoras de María, como Emmy Noether, Olga Tausky-Todd ou Marjorie Lee Brown, tamén desenvolveron a súa profesión nun momento en que eran as únicas mulleres na Universidade.

María, nas súas lembranzas, sempre remata falando do agora famoso alxebrista Robert Moody, o seu primeiro alumno de doutoramento. Ela segue sorprendéndose de que Moody acudira a pedirlle que fose a súa directora de tese, pola súa condición de estranxeira e por ser a única muller entre o profesorado. A sociedade canadense, como a europea ou aínda máis a española, non estaba acostumada a ter mulleres en postos relevantes. Robert Moody leu a súa tese de doutoramento, dirixida por María Wonenburger, en 1966.

María posteriormente decide trasladarse aos EEUU; primeiro permanece un ano en Buffalo e a continuación establécese na Universidade do Estado de Indiana. Ata ese momento pasara por ocupar

os postos de Assistant Professor en Toronto, Associate Professor en Buffalo ata chegar a ser Full Professor, ou sexa catedrática, en Indiana.

Sempre, cada curso, recibía importantes ofertas de universidades americanas que lle ofrecían postos nos seus departamentos de Matemáticas, en contraste con España, onde lamentablemente só lle ofrecían presentarse a algunha oposición e lle comentaban que con sorte algún día podería obter unha destas prazas. María sempre conta isto cun amargo sorriso xa que durante os seus primeiros anos posdoutorais sempre pensou en regresar mais a realidade era difícil: agardáballe un futuro incerto, e perdía en medios, salario e prestixio.

María Wonenburger permaneceu en Indiana desde 1967 a 1983 e alí obtivo grandes satisfaccións persoais, como docente e como investigadora, nun ambiente de traballo enriquecedor e con importantes matemáticos como compañeiros.

Voulles falar brevemente algo máis da súa faceta científica. María Wonenburger publicou máis dunha vintena de artigos en revistas moi importantes e dirixiu oito teses de doutoramento. É citada en moitísimos traballos da súa especialidade, e na actualidade segue a ser citada por moitos autores (proben a poñer o seu nome en internet e verán a listaxe); tamén é citada en varios libros de matemáticos de prestixio como no de Fundamentos de Xeometría de Coxeter (onde ademais o autor lle agradece as correccións e as suxestións que ela fixo), ou no libro "A xeometría dos grupos clásicos" de Jean Dieudonné, un dos membros do famoso grupo Bourbaki; tamén aparece referenciada en libros de autores recentes publicados pola American Mathematical Society.

Ela foi a creadora e a nai da teoría das "álxebras de Kac-Moody", que se iniciou da man de M. Wonenburger na tese de Robert Moody. Esta teoría xoga un papel fundamental en Física e Matemáticas desde os anos setenta, e é realmente destacable o interese tan amplo que alcanza este tema. Este feito é facilmente contrastable se observamos o elevado número de publicacións científicas e os distintos congresos relacionados con este campo.

Outros traballos de María teñen que ver coa teoría de grupos clásicos, en que é unha experta. Ela obtivo importantes resultados no estudo dos automorfismos deses grupos e varios autores utilizaron as súas ideas mesmo en contextos diferentes aos que ela tratou.

Tamén é unha especialista nas Álxebras de Clifford como se pode ver na bibliografía dos seus traballos; estas álxebras non só teñen que ver coa teoría dos grupos clásicos senón que ademais alcanzan un grande interese polas súas aplicacións en Física e en representacións de Álxebras.

A categoría das revistas onde publica os traballos que se relacionan con estes temas e con outros é moi alta e dá unha idea da súa valía.

María Wonenburger ten un amplo coñecemento no campo das matemáticas e en particular da Álgebra, uns coñecementos que sempre soubo transmitirille aos seus estudantes, que falan con agarimo e con veneración da súa nai científica.

O intercambio de ideas e a comunicación persoal con outros colegas matemáticos son cruciais na investigación, sobre todo en materias de tan alto grao de abstracción como a álgebra, e a nosa

protagonista sempre gozou dun carácter amable, xeneroso e entusiasta que lle facilitou o desenvolvemento na súa investigación.

En 1983 María abandona o seu traballo nos EEUU por razóns persoais e regresa a España. Aínda é unha muller nova de 56 anos e está nun bo momento académico mais deixa o seu traballo de matemática profesional.

É seguro que de ter continuado na universidade recollería aínda máis éxitos, mais, en calquera caso, ela seguiu e segue a se dedicar día a día a súa gran paixón: o mundo das matemáticas. Le a diario, na súa casa preto da Ponte Pasaxe, as súas novelas, como ela as chama, que son fabulosos libros de matemáticas da súa valiosa biblioteca particular.

Podería falar de moitas máis cousas de María Wonenburger da súa apaixonante vida, dos seus resultados científicos, ou dos bos momentos que pasamos desde que nos coñecemos, mais sería demasiado ambicioso pola miña parte pretender facelo hoxe aquí en poucos minutos.

Desde tempos remotos nunca foi doado ser científico e aínda menos ser científica. No mellor dos casos, as ideas e os resultados obtidos pasaban por ser ignorados ou desprezados. Somos afortunados de vivir nun momento onde isto está a cambiar substancialmente; mais aínda se deben facer esforzos por mellorar e ser capaces de transmitir e valorar o traballo dos científicos e en particular das mulleres científicas, nas que nos englobamos as mulleres matemáticas.

Por iso, este acto institucional é moi importante; créanme que é un recoñecemento que todos lle debemos a esta galega que, en canto se coñece, un queda seducido da súa extremada humildade, da súa intelixencia, do seu finísimo humor. Preto dela unha pode pasar horas aprendendo, disfrutando, contaxiándose do seu optimismo innato, un chega a esquecer que está xunto cunha das máis prestixiosas matemáticas e científicas.

Para rematar, quero darlles as grazas a todas as persoas que fixeron posible esta homenaxe, en especial a Carmen Adán polo seu empeño, a María Elena Vázquez Abal, que lle mostrou a Carmen o noso traballo, e a María José Souto Salorio, que non pode estar aquí por motivos profesionais mais que quixo que eu compartise con ela o reto de buscar a María.

E a ti María, grazas por ser como es, polo teu exemplo e pola túa amizade.

Moitas grazas.

Ana Dorotea Tarrío Tobar  
Vicerreitora de Organización Académica  
Universidade da Coruña  
Santiago, 16 de decembro de 2006